

## INSCRICIÓN E MATRÍCULA NA UNIVERSIDADE

### **PRAZO DE PREINSCRICIÓN NA UNIVERSIDADE**

Do 19 de xuño **ao 1 de xullo (ata as 14.00 horas)**

Para poder solicitar praza na universidade desde un Ciclo Superior é necesario ter superados todos os módulos do ciclo (incluída FCT e Proxecto) e pagadas as taxas do depósito de título, polo que **ata o día 26 de xuño** (publicación de notas) **non se pode facer o pago do título.**

### **PREINSCRICIÓN.**

**1º- Dispoñer do título de técnico/a superior e pagar as taxas do mesmo.**

O día 26 de xuño, desde a publicación de notas (11:00 horas), pódese facer o pago de taxas do título .

**Pago telemático:** accedendo á [pasarela de pago](#) da Axencia tributaria, desde o enlace anterior ou desde a web do CIFP A Xunqueira ([Solicitud de títulos](#))

Unha vez efectuado o pago, hai que **remitir o resguardo de pago** (exemplar para a Administración) en [formato pdf](#), ao correo do Centro [cifp.xunqueira@edu.xunta.gal](mailto:cifp.xunqueira@edu.xunta.gal).

**Moi importante: no asunto do correo poñer PAGOTITUNI**

Unha vez recibido o correo co xustificante bancario do pago de taxas e indicando no asunto "**PAGOTITUNI**", o Centro cargará os datos do expediente académico no NERTA. A partir dese momento, xa podedes iniciar a preinscrición á universidade.

**2º- Solicitar admisión na universidade (preinscrición)**, preferentemente a través da aplicación [NERTA](#).

#### **2.1. Acceder ao NERTA**

- Se xa dispós dunha conta de usuario/a de anos anteriores, podes acceder con ela e facer a preinscrición no [NERTA](#).

- Se non dispós desta conta, debes solicitala. Podes facelo de dúas maneiras:

a) Entrar en <https://www.edu.xunta.gal/contausuario> e solicitar conta (ver [video](#) cos pasos a seguir). Co usuario/a e contrasinal xa podes entrar na aplicación NERTA e realizar a preinscrición.

b) Enviando un mail a [asc-po@uvigo.es](mailto:asc-po@uvigo.es) e esperar que che soliciten a conta de usuario/a.

**2.2 Solicitar admisión na universidade a través de NERTA**, indicando a relación priorizada de titulacións na aplicación.

**2.3.No caso de non poder acceder ao NERTA** para facer a preinscrición, consultar ao LERD e seguir as súas indicacións. TLF.: 986 801949/ 986 802024 Mail: [asc-po@uvigo.es](mailto:asc-po@uvigo.es)

## MATRÍCULA NOS ESTUDOS DE GRAO

A partir do 10 de xullo ou nas seguintes datas de adxudicación (ver [calendario](#)).

O día 9 de xullo sae a primeira listaxe. Presta atención ao calendario, xa que as datas para matrícula son moi curtas (2 días).

Toda a información sobre notas de corte, calendario, oferta de prazas e outra información de interese sobre o acceso á universidade están dispoñibles na páxina da [CIUG](#)

Para calquera dúbida consultar ao LERD de Pontevedra.

ÁREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE. ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL

CAMPUS A XUNQUEIRA S/N. 36005 PONTEVEDRA

TLF.: 986 801949/ 986 802024 Mail: [asc-po@uvigo.es](mailto:asc-po@uvigo.es)